



**PLAN DE MEDIDAS DA CAMPAÑA SENSIBILIZACIÓN DIRIXIDA AO
PÚBLICO ASISTENTE AO FESTIVAL PARA EVITAR CALQUERA
TIPO DE AGRESIÓN SEXISTA NO RECINTO**

Elaborouse e actualizouse o “ Plan de lecer non sexista” o “Plan de Igualdade” e un protocolo de actuación que se lle proporcionará ao persoal de seguridade así coma unha normas básicas para as persoas que vaian ao festival.

Neste protocolo deixaremos claras que tipo de condutas non son aceptables neste espazo seguro de igualdade.

Se ocorre algunha destas accións o persoal de seguridade sería o encargado de activar o protocolo e expulsar ás persoas do recinto e/ou avisar ás forzas de seguridade se fose preciso.

EN REVINDAS ANTE CALQUERA TIPO DE AGRESIÓN NON SEXITA TOLERANCIA CERO!

■ Axentes de igualdade coma nos ultimos anos, darán formación de igualdade e de actuación ante posibles agresións machistas tanto ao persoal propio do festival, como aos responsables de seguridade.

■ Compartirase o Plan de Lecer non Sexista na páxina web, nas redes do festival e nas pantallas do festival e farase en redes especial fincapé na tolerancia cero no noso festival e na vida en xeral coas condutas e agresións machistas.

■ Cordinación coa Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra para ter presente no festival, se estas administración o ven posible e desexan, das súas campañas e videos de igualdade e contra as agresións no Revenidas 26.

■ Cordinación co Concello de Vilagarcía e coas forzas de seguridade pública, xa que é un tema no que as competencias son municipais, para ver eivas e reforzar zonas conflitivas con axentes, e iluminación.